

# MAPA DEMANDA TEMPERÁ



## DICO MINDSET

*Proxectos innovadores no ámbito dos contidos dixitais interactivos*



## 1. Obxecto

Este documento recolle o “Mapa de Demanda Temperá” dentro do proceso de Compra Pública de Innovación para a posta en marcha dunha plataforma integral de servizos e solucións baseadas en contidos dixitais interactivos, no marco do Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais en Galicia, DICO Mindset.

Este documento anticipa as intencións de contratación previstas proporcionando deste xeito un adianto ao comprador sobre as necesidades tecnolóxicas a cubrir dentro do Plan Dico Mindset

## 2. Alcance Licitación

O alcance da licitación comprende o deseño, desenvolvemento, implementación, posta en marcha e demostración dunha **plataforma integral de contidos interactivos**.

O proxecto ten como obxectivo estimular o uso de novas canles e medios, así como a creación de contidos interactivos innovadores en liña coas novas tendencias de consumo no eido da **formación e divulgación científico-tecnolóxica**.

A solución deberá incluír, como mínimo, os seguintes elementos:

- Plataforma **PetisGO!**, onde se xestionarán as experiencias audiovisuais interactivas.
- Experiencia **PETISCo** demostradora do correcto funcionamento da plataforma.



As características previstas para a licitación son as seguintes:

- Orzamento estimado: 1.780.000 € (IVE Incluído).
- Procedemento previsto de contratación: CPTI Licitación con Negociación
- Data prevista de publicación do prego de contratación: xaneiro do 2019.



## 3. Descrición xeral do proxecto

A solución global a desenvolver busca unha forma **innovadora de producir, xestionar e consumir** contidos audiovisuais, **cunha capa de interactividade e intelixencia artificial** e que permita aos usuarios gozar **experiencias formativas enriquecidas**.

Este apartado recolle as especificacións funcionais que deberá ter tanto a experiencia **PETISCo**, como a plataforma **PetisGO!** na solución proposta.

### 3.1 Especificacións funcionais da Experiencia PETISCo

O proxecto deberá incluír unha ou varias experiencias **PETISCo** que demostrará/n o funcionamento da plataforma.

As características mínimas que deberán ter os “**Petiscos**” son:

- Debe tratarse de experiencias interactivas, nas que o usuario non sexa un mero espectador pasivo.
- Deberán estar orientados á formación e divulgación científico-tecnolóxica, para usuarios de entre 6 e 16 anos.
- Deberá contar cunha narrativa pedagóxica e utilizar técnicas adecuadas para potenciar a motivación, activar a aprendizaxe e permitir avaliar aos usuarios .
- Deberá considerar a contorna física onde se desenvolverá o Petisco (*indoor/outdoor*), así como definir e modelar os elementos e dispositivos necesarios para o seu consumo (App, sensores, cámaras, pantallas etc.).


O desenvolvemento deste primeiro Petisco servirá como paradigma á hora de definir o “*modelo de creación*” do **PETISCo** e deberá satisfacer as funcionalidades da Plataforma que se definen no apartado seguinte, tanto nos seus distintos módulos como de forma global.

### 3.2 Especificacións funcionais da Plataforma PetisGO!

O alcance do proxecto comprende o deseño, desenvolvemento, implantación e posta en marcha dunha plataforma **PetisGO!** na que se xestionarán as experiencias formativas ou “**Petiscos**”.

De maneira esquemática, a plataforma contará cos seguintes elementos:

- Interface de administrador ou capa de adquisición, a través da que se realiza a inxesta dos “**Petiscos**” na plataforma.
- Capa de analítica de datos
- Capa de certificación
- Interface de usuario ou capa de visualización e interactividade, a través da cal se servirán as experiencias ao usuario para o seu consumo.



As funcionalidades das distintas capas da plataforma serán as seguintes:

### Capa de Adquisición

A plataforma deberá xestionar todos os elementos necesarios para construír as experiencias **PETISCO**. Nese sentido, deberanse definir “*modelos de creación*” para buscar a estandarización no proceso de definición do **PETISCO**; estes modelos indicarán os criterios que deben cumprir os “**Petiscos**”.

Ademais, a plataforma contemplará a posibilidade de **integrar material en distintos formatos e de distintas fontes**, como o arquivo da CRTVG, meteogalicia,...

Adicionalmente, na fase de adquisición deberá incluírse un **sistema automático que permita a validación** do **PETISCO** antes da súa publicación, tendo en consideración, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Cumprimento dos criterios definidos nos “modelos de creación do Petisco”.
- Interoperabilidade entre todos os elementos que forman o Petisco e a plataforma.
- Análise do contido: apropiado para o usuario obxectivo



## Capa de Coñecemento e analítica de datos

Os usuarios deberán estar rexistrados e validados (segundo o RXPD) na Plataforma e estarán clasificados por perfís (tipificados por idade, gustos, coñecementos, etc.).

Os datos relativos aos perfís dos usuarios e ao consumo dos “**Petiscos**” serán xestionados na plataforma e sometidos a un proceso de análise avanzada, coas seguintes características:

- Análise en base ao número de usuarios e tipoloxía, valoración da experiencia, resultado do coñecemento adquirido etc. para:
  - Detectar posibles carencias ou necesidades para propoñer novos “**Petiscos**”.
  - Analizar os resultados obtidos polos creadores dos Petiscos, co obxectivo de establecer a súa calidade nas distintas temáticas.
  - Depurar e mellorar o sistema de validación e aceptación do **PETISCO**.
  - Depurar e mellorar o “*modelo de creación*” do **PETISCO**.
  - Propoñer Petiscos aos usuarios en función dos seus gustos e/ou necesidades formativas: recomendadores avanzados e adaptados aos usuarios da plataforma.

Ademais do anterior, a plataforma debe permitir o etiquetado intelixente dos contidos para permitir unha procura avanzada e adaptada segundo os usuarios.

## Capa de Certificación

A plataforma certificará os resultados das experiencias, tanto dende o punto de vista dos creadores como dos consumidores:

- Certificación do creador do Petisco.
- Certificación dos coñecementos e aptitudes adquiridas polos consumidores dos Petiscos.

Adicionalmente, debe garantirse a trazabilidade de todo o contido xestionado na plataforma, co obxectivo de asegurar os dereitos de autor e a integridade do mesmo.



## Capa de Visualización e Interactividade

Dúas características fundamentais que a plataforma debe garantir son a **omnicanalidade** (o PETISCO debe poder consumirse en múltiples dispositivos) e a **interoperabilidade** (os diferentes elementos hardware e software que conforman o Petisco deben poder comunicarse entre si).

A capa de visualización debe permitir ao usuario consumir “**Petiscos**”:

- que impliquen o uso de calquera dispositivo de visualización existente no mercado: móbiles/tablets, gafas de RV, paneis, televisións etc.
- con contidos enriquecidos con realidade aumentada, realidade virtual, segundas pantallas, sons, hologramas etc.
- que xestionen a interacción co usuario.

Ademais do anterior, a plataforma debe permitir ao usuario:

- A valoración da experiencia consumida.
- O consumo diferido da experiencia (“*traslado da experiencia*”), de modo que os usuarios poidan visualizar e compartir unha versión adaptada da mesma.